



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

ACTA DA SESIÓN DO PLENO DO CONCELLO DE CARRAL (A CORUÑA) Nº6/2017, ORDINARIA, REALIZADA O 03 DE AGOSTO DE 2017.

ASISTENTES

Presidente

Sr. Alcalde, FERNÁNDEZ MOURIÑO, José Luis (PP)

Concelleiros/as

Grupo municipal do PP

DUARTE GERPE, Florinda
RAMILO VARELA, Margarita
GARCÍA GONZÁLEZ, Alfonso
BARBEITO REY, Carlos
MONTES MARTÍNEZ, José Manuel

Grupo municipal do PSdeG-PSOE

CETINA MOCHALES, Jesús Javier
BLANCO FIDALGO, Patricia
RODRÍGUEZ LADO, Manuela Candelaria
ORGEIRA CAMPELO, José Francisco (Incorpórase ás 12:18 horas)

Grupo municipal mixto

BERGONDO TRILLO, César Manuel (ACC/SON)

Interventora do Concello

Noemí González Mato

Secretario do Concello

Diego García Doval


NON ASISTEN

REGUEIRA MOAR, Rubén (PP)
COUTO LÓPEZ, Pablo (PSdeG-PSOE)

HORA DE INICIO: 12:08

HORA DE REMATE: 13:10

No Salón de Plenos do Concello, sendo as 12:08 horas do 03 de agosto de 2017, tras convocatoria efectuada polo señor Alcalde, mediante decreto do 31 de xullo de 2017, e segundo o acordo plenario do 9 de xullo de 2015 polo que se estableceu a periodicidade das sesións ordinarias do Pleno, mais adiada, tendo en conta que o 25 de xullo de 2017 foi festivo en toda a Comunidade Autónoma de Galicia, polo que, de terse realizado a sesión da correspondente comisión informativa o 24 de xullo, a sesión do pleno non se podería convocar para o xoves 27 de xullo, como estaba previsto, senón que debería realizarse o venres 28 de xullo e, en uso da facultade que lle foi atribuída á Alcaldía por medio do acordo plenario do 09 de xullo de 2015, para "(...) adiantar ou adiar a realización da sesión, sen alterar o número delas que se deberán realizar durante o exercicio, para facilitar a asistencia dos/as membros da Corporación, no caso de coincidir con periodos vacacionais cuxas datas varían de ano a ano, ou por necesidades de cumprimento de prazos polos acordos plenarios correspondentes nos expedientes en que se xustifique tal circunstancia.", reúnense na sesión 6/2017, de carácter ordinario, e en primeira convocatoria, os señores/as corporativos/as expresados/as con anterioridade, procedéndose a abrir o acto, unha vez comprobada polo Secretario a existencia do quórum necesario para a válida constitución do órgano, para deliberar, no seu caso, e adoptar os correspondentes acordos sobre asuntos incluídos na seguinte



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

ORDE DO DÍA

Parte resolutiva da sesión

- 1.- Aprobación da acta da sesión anterior (nº 5/2017, extraordinaria, do 20 de xuño de 2017).
- 2.-Proposta de aprobación inicial da ordenanza reguladora do aproveitamento de terreos, tanto de dominio público coma privativos de uso público, mediante a ocupación temporal con terrazas e instalacións análogas, anexas a establecementos de hostalaría, no concello de Carral.
- 3.- Proposta de elección polo Pleno do Concello de Carral de xuíz de paz titular para o seu nomeamento pola Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.
- 4.-Proposta de aprobación do expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito 2/2017.

Parte da sesión de control dos demais órganos da Corporación

- 5.- Dación de conta de decretos da Alcaldía e, no seu caso, de reparos da Intervención do Concello.
- 6.- Mocións dos grupos políticos, no seu caso.
- 7.-Rogos e preguntas.

PARTE RESOLUTIVA DA SESIÓN

Antes de comezar a sesión, o señor Alcalde indica que os señores Regueira Moar e Couto López desculparon a súa inasistencia á sesión, por atopárense de viaxe. Por outra banda, explica que a sesión plenaria ordinaria foi adiada en relación á data prevista para a súa realización (xoves 27 de xullo), facilitando así o tratamento dos asuntos correspondentes á elección do xuíz de paz e á ordenanza de terrazas, tras finalizar os respectivos periodos de exposición pública.

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR (Nº 5/2017, EXTRAORDINARIA, DO 20 DE XUÑO DE 2017).


Conforme ao preceptuado no artigo 91 do Real Decreto 2568/1986, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF, en adiante) o señor Alcalde pregunta se algún/ha membro do Pleno desexa formular algunha observación á acta da sesión nº 5/2017, extraordinaria, do 20 de xuño de 2017 .

Ao non realizarse ningunha observación, o señor Alcalde somete a votación a acta, e esta é aprobada, en votación ordinaria, por unanimidade dos/as señores/as concelleiros/as que asistiron á sesión referida entre os presentes nesta .

2.-PROPOSTA DE APROBACIÓN INICIAL DA ORDENANZA REGULADORA DO APROVEITAMENTO DE TERREOS, TANTO DE DOMINIO PÚBLICO COMA PRIVATIVOS DE USO PÚBLICO, MEDIANTE A OCUPACIÓN TEMPORAL CON TERRAZAS E INSTALACIÓNS ANÁLOGAS, ANEXAS A ESTABLECEMENTOS DE HOSTALARÍA, NO CONCELLO DE CARRAL.

EXPOSICIÓN

No expediente da sesión consta a seguinte proposta da Alcaldía ao Pleno, do 26 de xullo de 2017,



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

como segue:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA AO PLENO

Asunto: Aprobación inicial da ordenanza reguladora do aproveitamento de terreos, tanto de dominio público coma privativos de uso público, mediante a ocupación temporal con terrazas e instalacións análogas, anexas a establecementos de hostalaría, no concello de Carral.

Logo de estimar a necesidade de realizar unha regulación axeitada ás necesidades actuais das terrazas de establecementos hostaleiros do municipio, acreditada pola demanda de instalación de tales terrazas por diversos establecementos, esta Alcaldía estimou a oportunidade de iniciar os trámites para a aprobación dunha nova ordenanza reguladora do aproveitamento de terreos, tanto de dominio público coma privativos de uso público, mediante a ocupación temporal con terrazas e instalacións análogas, anexas a establecementos de hostalaría no concello de Carral.

Tras redactarse unha proposta de tal texto normativo, aos efectos do establecido no artigo 133 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, someteuse o seu texto a consulta pública para que, no prazo de QUINCE DÍAS HÁBILES dende a publicación do correspondente anuncio no portal web do Concello de Carral (que se realizou o 23 de xuño de 2017), os suxeitos e as organizacións máis representativas potencialmente afectadas pola futura norma se puidesen pronunciar sobre os problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa (A axeitada regulación das terrazas de establecementos hostaleiros), a necesidade e oportunidade da súa aprobación. (Acreditada pola demanda de instalación de terrazas por diversos establecementos), os obxectivos da norma (A axeitada regulación das terrazas de establecementos hostaleiros), e as posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias.

Asemade, publicouse unha copia do anuncio e do texto proposto da ordenanza no taboleiro de edictos do Concello entre os días 23 de xuño e 21 de xullo de 2017.

Porén, segundo o informe emitido o 21 de xullo de 2017 pola auxiliar do rexistro xeral do Concello, durante o devandito prazo, entre os días 23 de xuño de 2017 e 14 de xullo de 2017, non tivo entrada no rexistro xeral do Concello Carral ningunha achega por outras persoas ou entidades relativa ao citado expediente no trámite de audiencia á cidadanía afectada.


Así, realizados os devanditos trámites, corresponde agora a tramitación por parte do Pleno do Concello da ordenanza proposta, que ten por obxecto a regulamentación do réxime xurídico a que debe someterse o aproveitamento de terreos, tanto de dominio público coma privativos de uso público, dentro do concello de Carral mediante a ocupación temporal con terrazas e instalacións análogas que constitúan complemento da actividade que desenvolven os establecementos de hostalaría de carácter permanente.

Por tanto, en uso das atribucións que me confere o artigo 21.1 a), c) e d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL en adiante), e 80 e 82 do Real Decreto 2568/1986, de **28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais**, previo ditame da comisión informativa correspondente, **PROPOÑO AO PLENO DO CONCELLO, coma órgano competente na materia (segundo o establecido no artigo 22.2.d) LRBRL) que adopte, segundo o establecido no artigo 49 LRBRL, os seguintes**

A C O R D O S

1.- Aprobar inicialmente a ordenanza municipal reguladora do aproveitamento de terreos, tanto de dominio público coma privativos de uso público, mediante a ocupación temporal con terrazas e instalacións análogas, anexas a establecementos de hostalaría, no concello de Carral.

2.- Someter o texto da ordenanza aprobada inicialmente a información pública e audiencia ás persoas interesadas polo prazo de trinta días para a presentación de reclamacións e suxestións, mediante anuncios no taboleiro de edictos do Concello e no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 1

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

3.- Unha vez transcorrido tal periodo, someter ao Pleno a resolución de todas as reclamacións e suxestións presentadas dentro de tal prazo, e o texto da ordenanza, á súa aprobación definitiva. No caso de que non se tivese presentado ningunha reclamación ou suxestión, entenderase definitivamente adoptado o acordo até entón provisional.

4.- Publicar o texto íntegro da ordenanza definitivamente aprobada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña."

A comisión informativa permanente de asuntos xerais do Pleno, emitiu na súa sesión ordinaria do 31 de xullo de 2017 ditame favorable á proposta, en votación ordinaria, por cinco votos a favor dos/as señores/as concelleiros/as do grupo municipal do PP e coa abstención dos/as tres señores/as concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE presentes na sesión, e do señor concelleiro do grupo municipal mixto.

DEBATE

O señor Alcalde explica que nestes tempos máis lúdicos do ano os empresarios da hostalería solicitan unha normativa reguladora das terrazas máis axeitada á realidade actual. Indica que os servizos técnicos do Concello realizaron unha análise comparativa das regulacións na materia dos Concellos da contorna, e elaboraron a proposta de ordenanza que se trae á sesión. Engade que estivo exposta durante quince días hábiles, mais ninguén presentou alegacións ou reclamacións. Por último, indica que non sabe se nalgún sitio do municipio, nas condicións actuais, a poderán cumprir ou non, ou se terán que facer modificacións nas terrazas para cumprila.

VOTACIÓN E ACORDOS

Sometida a votación, o Pleno aproba a proposta, en votación ordinaria, por sete votos a favor (dos/as seis señores/as concelleiros/as do grupo municipal do PP presentes na sesión, e da señora Blanco Fidalgo, do grupo municipal do PSdeG-PSOE), e con tres abstencións (dos/as señores/as Cetina Mochales e Rodríguez Lado, do grupo municipal do PSdeG-PSOE, presentes neste intre na sesión, e do señor concelleiro do grupo mixto (ACC-SON)), adoptando os seguintes acordos:

1.- Aprobar inicialmente a ordenanza municipal reguladora do aproveitamento de terreos, tanto de dominio público coma privativos de uso público, mediante a ocupación temporal con terrazas e instalacións análogas, anexas a establecementos de hostalaría, no concello de Carral.

2.- Someter o texto da ordenanza aprobada inicialmente a información pública e audiencia ás persoas interesadas polo prazo de trinta días para a presentación de reclamacións e suxestións, mediante anuncios no taboleiro de edictos do Concello e no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

3.- Unha vez transcorrido tal periodo, someter ao Pleno a resolución de todas as reclamacións e suxestións presentadas dentro de tal prazo, e o texto da ordenanza, á súa aprobación definitiva. No caso de que non se tivese presentado ningunha reclamación ou suxestión, entenderase definitivamente adoptado o acordo até entón provisional.

4.- Publicar o texto íntegro da ordenanza definitivamente aprobada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

"ORDENANZA REGULADORA DO APROVEITAMENTO DE TERREOS, TANTO DE DOMINIO PÚBLICO COMA PRIVATIVOS DE USO PÚBLICO, MEDIANTE A OCUPACIÓN TEMPORAL CON TERRAZAS E INSTALACIÓN ANÁLOGAS, ANEXAS A ESTABLECEMENTOS DE HOSTALARÍA NO CONCELLO DE CARRAL.

ARTIGO 1.- OBXECTO

1.-A presente Ordenanza ten por obxecto a regulamentación do réxime xurídico a que debe someterse o aproveitamento de terreos, tanto de dominio público coma privativos de uso público, dentro do concello de Carral mediante a ocupación temporal con terrazas e instalacións análogas que constitúan complemento da actividade que desenvolven os establecementos de hostalería de carácter permanente.

2.-Esta Ordenanza non será de aplicación aos actos de ocupación do dominio público de carácter hostaleiro que se realicen con motivo da celebración das festas patronais, feiras e festexos populares, os que se rexerán polas súas normas específicas.

3.-Non son obxecto desta Ordenanza a instalación de quioscos ou instalacións permanentes en espazos exteriores de dominio público municipal. Ditas ocupacións suxeitaranse a previa concesión administrativa.

ARTIGO 2.- INSTALACIÓNS AUTORIZABLES

Aos efectos desta Ordenanza, entenderase por terrazas, as instalacións formadas por mesas, cadeiras, parasoles, toldos, xardineiras e outros elementos de mobiliario urbano móbiles e desmontables, que desenvolven a súa actividade de forma accesoria a un establecemento principal de hostalaría tal como bar, café-bar, cafetería, restaurante o similares.

ARTIGO 3. AUTORIZACIÓNS

1.-A implantación destas instalacións require a previa obtención de licenza municipal nos termos previstos nesta ordenanza e na normativa sectorial aplicable. Prohíbese a instalación de terrazas na vía pública sen licenza municipal. Todas as licenzas outórganse deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro, entendéndose concedidas en precario. O exercicio da actividade desenvolverase a risco e ventura dos interesados.


2.-O petionario da licenza non ostenta un dereito preexistente a súa obtención, polo que nin a presentación da solicitude de autorización de ocupación de vía pública nin o pagamento das taxas correspondentes, autorizan ao interesado para instalar a terraza.

3.-A instalación de terrazas sen a preceptiva licenza ou sen axustarse ás condicións da licenza, dará lugar a inmediata orde de retirada que, de non ser executada voluntariamente polo interesado, executarase subsidiariamente polo Concello, a custa do obrigado, sen prexuízo das sancións que proceda impoñer.

ARTIGO 4.- SOLICITUDES

1.-Poderán solicitar licenza para este tipo de ocupacións, os titulares do correspondente título habilitante (licenza ou comunicación previa) dos establecementos de hostalaría que linden co espazo exterior que se pretende ocupar, sempre que a actividade se desenvolva de conformidade coas normas urbanísticas e sectoriais que a regulan.

2.-As solicitudes presentaranse, cun mes, como mínimo, de antelación á data de instalación que se interesa, debendo especificar os datos persoais, nome comercial do establecemento e licenza de actividade del, ámbito temporal da instalación, dimensións da terraza, largo da beirarrúa libre para peóns, número de cadeiras, mesas, toldos, parasoles e demais elementos decorativos.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

3.-De tratarse da primeira instalación, a solicitude acompañarase necesariamente da seguinte documentación:

a).-Copia do título habilitante (licenza ou comunicación previa) da actividade do establecemento de hostalaría. Para a concesión da licenza, o establecemento non poderá ter abertos expedientes de disciplina urbanística ou de contaminación acústica.

b).-Memoria descritiva do tipo de ocupación que se vai realizar e do mobiliario que se pretende instalar. Deberá expresar o número de mesas e cadeiras a instalar e a superficie de m² a ocupar.

c).-Achegarase unha fotografía do mobiliario e da fachada do establecemento.

d).-Plano de situación da terraza, no que se reflictan a superficie a ocupar, a lonxitude da fachada do establecemento, largo da beirarrúa, distancias ás esquinas, paradas de autobuses, saídas de emerxencia, pasos de vehículos, así como todos os elementos de mobiliario urbano existentes na área de influencia da ocupación.

e).-No caso dunha instalación xa autorizada en períodos anteriores e sen pretender cambio ningún, non será necesario presentar a documentación esixida no apartado anterior, e o interesado fará constar na súa solicitude a circunstancia de ter realizado a instalación de terraza en período anterior, indicando o número de expediente e a data da licenza de ocupación de dominio público, sinalando que se mantén o mesmo titular, a mesma actividade e as mesmas condicións da instalación da terraza.

ARTIGO 5.-CONDICIÓN DE UBICACIÓN


As instalacións, deberán cumprir as seguintes condicións:

1.-Condicións xerais:

-A colocación de terrazas nas vías públicas deberá en todo caso respectar o uso común xeral preferente delas. En consecuencia, non suporán obstáculo para o tránsito peonil nin poderán prexudicar a seguridade deste ou do tráfico rodado. En todo caso, cando o titular da vía non sexa o Concello de Carral, deberase presentar a autorización do organismo titular da vía, previamente á presentación da solicitude no rexistro do Concello.

A autoridade municipal competente denegará a autorización destas instalacións temporais en calquera dos seguintes supostos:

- ☒ Cando se incumpran os requisitos esixidos na presente Ordenanza.
- ☒ Cando a instalación se pretenda realizar en calzada na zona reservada en exclusiva para o tránsito de vehículos.
- ☒ Cando supoña un prexuízo para a seguridade vial (diminución da visibilidade, distracción para o condutor, etc...) ou dificulte sensiblemente ao tráfico dos peóns.
- ☒ Cando poida incidir na seguridade (evacuación) dos edificios e locais próximos.
- ☒ Cando supoña para a súa atención atravesar a calzada.
- ☒ Cando impida ou dificulte gravemente o uso de equipamentos ou mobiliarios urbanos (fontes, cabinas telefónicas, etc...).
- ☒ Cando resulte inadecuada ou discordante co seu entorno, por exemplo, menoscabando o interese de edificios públicos ou espazos públicos ou de carácter histórico-artístico.
- ☒ Cando estean en tramitación expedientes administrativos de disciplina urbanística e/ou contaminación acústica que afecten ao establecemento de hostalería.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

2.-Condicións particulares:

a).-Condicións no caso de ocupación das beirarrúas e ocupación permitida:

Será requisito indispensable para autorizar a instalación da terraza que a beirarrúa na que se instale teña un largo mínimo de 2,20 metros e que se deixe, cando menos, un espazo de 1,50 metros libres de obstáculos para o tránsito dos viandantes.

Nas beirarrúas de largo igual ou superior a 2,20 metros e inferior a 3 metros, tan só se permitirán dúas cadeiras por mesa, debendo colocarse a mesa apegada á liña da fachada do establecemento principal e as cadeiras enfrontadas, co fin de que quede, cando menos, un espazo de 1,50 metros libres de obstáculos para o tránsito dos peóns.

b).-Condicións no caso de ocupación dos espazos de aparcamento:

Se a instalación ocupase a calzada, e existise desnivel entre a beirarrúa e a terraza, deberá colocarse unha tarima desmontable ao mesmo nivel có da beirarrúa, para protección das persoas que utilicen a instalación, e para impedir o estacionamento de vehículos no espazo reservado á terraza. En ningún caso se poderá autorizar a ocupación de parte dos carrís de circulación de vehículos na calzada.

En todo caso, deberán de colocarse proteccións laterais, tales como varandas ou outros elementos semellantes, que delimiten o perímetro máximo de ocupación autorizada da terraza, salvo na parte que linde coa beirarrúa. Estes elementos se deberan suxeitar mediante unha base de suficiente peso, de xeito que non produzan ningún deterioro ao pavimento. En ningún caso poderán fixarse no pavimento mediante fixacións mecánicas.

A autorización quedará supeditada ás indicacións que a Policía Local poida realizar para garantir unha maior seguridade da circulación.

c).-Condicións no caso de ocupación de vías de plataforma única, mixtas peóns e de circulación de vehículos:

En rúas de coexistencia de peóns e vehículos, a instalación deixará libre para o paso dos peóns e dos vehículos polo menos 4 metros.

A autorización quedará supeditada ás indicacións que a Policía Local poida realizar para garantir unha maior seguridade da circulación.


ARTIGO 6.- MOBILIARIO

1.-O mobiliario utilizado nestas instalacións deberá ser acorde coas características da zona onde se sitúe.

2.-O Concello poderá esixir que o mobiliario se axuste a determinadas características estéticas e de uniformidade entre os diversos establecementos, en concordancia coa realidade arquitectónica do entorno. Ditas características poderán ser esixidas tanto ás novas instalacións como ás xa autorizadas.

3.-O material do mobiliario que ocupe o espazo acoutado (mesas, cadeiras, etc.) deberá ser de boa calidade, discreto, hixiénico, sen arestas nin saíntes e con certo estilo e deseño. Acéptase o emprego de materiais tales como madeira, aluminio.

4.-No caso de instalar parasoles, deberanse suxeitar mediante una base de suficiente peso, de xeito que non produzan ningún deterioro ao pavimento e non supoña perigo para os usuarios e viandantes. En ningún caso poderán fixarse no pavimento mediante fixacións mecánicas. Tanto o voo como o pé de apoio quedarán dentro da superficie que ocupa a terraza, debendo ter os toldos e parasoles unha altura mínima de 2,20 metros para non molestar aos peóns.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

5.-Non poderá obstaculizarse a saída á calzada dende os portais das fincas nin dificultar as manobras de entrada ou saída dos vaos permanentes.

ARTIGO 7.- OBRIGAS

Os titulares das licenzas de terrazas quedarán obrigados especialmente a cumprir o seguinte:

- 1.-Cumprir as condicións impostas polo Concello na autorización concedida.
- 2.-Cingirse estritamente á zona autorizada sen pasala por ningún concepto, evitando que os clientes o fagan. Deixarase expedito o acceso a edificios, vivendas, vaos de vehículos e locais comerciais.
- 3.-Manter as terrazas e cada un dos elementos que as compoñen nas debidas condicións de limpeza, seguridade e ornato.
- 4.-Fora do horario autorizado para a terraza, o titular da licenza virá obrigado a retirar do exterior a totalidade dos seus elementos de mobiliario, incluíndo as bases dos parasoles. As mesas, cadeiras e parasoles serán recollidos diariamente no interior do local ao que pertenza a terraza ou en local habilitado para tal finalidade polo interesado. Non cabe deixalos na rúa, amontoados e suxeitos con cadeas. A instalación e maila recollida da terraza realizarase co menor ruído posible co obxecto de garantir o descanso da cidadanía.
- 5.-Corresponde ao titular da licenza a limpeza da superficie ocupada. En todo caso, o espazo ocupado pola terraza deberá quedar limpo todas as noites trala retirada da terraza.
- 6.-Unha vez retirada a terraza, se resultase afectado o pavimento pola instalación, o titular da licenza será responsable dos danos causados, debendo repoñer as cousas ao seu estado inicial, nun prazo máximo de quince días hábiles. Igualmente serán responsables dos danos ocasionados ás persoas ou ás cousas con motivo da instalación ou retirada da terraza.

ARTIGO 8.-PROHIBICIÓNS


- 1.-Por razóns de estética, decoro e hixiene, non se permitirá almacenar ou amorear produtos, caixas de bebidas e outros materiais xunto as terrazas, así como tampouco residuos propios das instalacións.
- 2.-Non se permitirá a instalación de mostradores e outros elementos para o servizo da terraza no exterior desta, que deberá ser atendida desde o propio establecemento.
- 3.-Non se permitirá a instalación e uso nas terrazas de aparatos audiovisuais, equipos de música, amplificadores e outros elementos que produzan emisións acústicas de calquera tipo.
- 4.-Prohíbese instalar nas terrazas billares, futbolíns, máquinas recreativas, máquinas expendedoras de produtos ou instalacións análogas.

ARTIGO 9.- HORARIOS

O funcionamento das terrazas axustarase, con carácter xeral, ao horario do establecemento a que correspondan salvo que, polas especiais condicións de tal horario ou do entorno correspondente, se poida fixar outro na autorización que se emita.

RÉXIME SANCIONADOR ARTIGO 10.- INSPECCIÓN

Corresponde aos Axentes da Policía Local a inspección do cumprimento do disposto na presente Ordenanza.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

ARTIGO 11.- POTESTADE SANCIONADORA

As infraccións a esta Ordenanza serán sancionadas polo órgano competente municipal, previa instrución do correspondente expediente, de conformidade cos principios e procedemento regulados nas Leis 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

ARTIGO 12.- INFRACCIÓNS

Constitúen infraccións a esta Ordenanza os actos ou omisións que contraveñan o disposto nela, que se clasifican en leves, graves e moi graves.

ARTIGO 13.- INFRACCIÓNS LEVES

Considéranse infraccións leves:

- I. Ocupar coa terraza maior superficie que a autorizada na licenza.
- II. O incumprimento da obrigaición de manter as terrazas e cada un dos elementos que as compoñen nas debidas condicións de limpeza, seguridade e ornato.
- III. O deterioro leve nos elementos do mobiliario e ornamentais urbanos anexos ou lúdante ao establecemento que se produzan como consecuencia da actividade obxecto da licenza.
- IV. O incumprimento da obrigaición de retirar do exterior a totalidade dos elementos da terraza ao finalizar o horario autorizado.
- V. Almacenar produtos, caixas de bebidas e outros materiais xunto as terrazas, así como residuos propios das instalacións.
- VI. Instalar mostradores e outros elementos no exterior da terraza para o servizo desta.
- VII. Instalar e usar nas terrazas aparatos audiovisuais, equipos de música, amplificadores e outros elementos que produzan emisións acústicas de calquera tipo.
- VIII. Instalar nas terrazas billares, futbolines, máquinas recreativas, máquinas expendedoras de produtos ou instalacións análogas.
- IX. O incumprimento do horario de funcionamento das terrazas establecido no artigo 9.
- X. As infraccións que non teñan o carácter de graves ou moi graves.

ARTIGO 14.- INFRACCIÓNS GRAVES

Considéranse infraccións graves:

- A instalación dunha terraza carecendo da preceptiva licenza municipal.
- A negativa ou obstrución ao labor inspectora, como sería negarse a facilitar, cando sexa requirida polos Inspectores ou Axentes da Autoridade, a licenza da instalación autorizada.
- Cando a instalación da terraza supoña un prexuízo para a seguridade vial (diminución da visibilidade, distracción para o condutor, etc...) ou dificulte sensiblemente o tráfico dos peóns.
- Cando a terraza se instale en xardíns públicos ou comunitarios.
- Cando a instalación poida incidir na seguridade (evacuación) dos edificios e locais próximos.
- Cando impida ou dificulte gravemente o uso de equipamentos ou mobiliarios urbanos (fontes, bancos, cabinas telefónicas, etc).
- O deterioro grave nos elementos do mobiliario e ornamentais urbanos anexos ou colidantes ao establecemento que se produzan como consecuencia da actividade obxecto da licenza.
- A reincidencia por dúas veces, na comisión (no período de 1 ano), de infraccións leves da mesma natureza.

ARTIGO 15.- INFRACCIÓNS MOI GRAVES

Considéranse infraccións moi graves:

- a) A ocultación, manipulación ou falsidade dos datos consignados na solicitude ou da documentación anexa aportada en orde á obtención da correspondente autorización.
- b) A reincidencia por dúas veces, na comisión no período de 1 ano, de infraccións graves da mesma natureza.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

ARTIGO 16.- SANCIONES

As infraccións á Ordenanza tipificadas nos artigos anteriores serán sancionadas:

- ☒ As leves, con multa de ata 600 €.
- ☒ As graves, con multa de 601 a 1.200 € que poderá acompañarse da clausura temporal da terraza por un espazo de tempo non superior a un mes.
- ☒ As moi graves, con multa de 1.201 a 2.000 € que poderá acompañarse da retirada da licenza da terraza con carácter definitivo.

Na imposición das sancións, deberase gardar a debida adecuación entre a gravidade da infracción cometida e a sanción aplicada, debéndose seguir para a gradación da sanción a aplicar os seguintes criterios:

- a) A gravidade da infracción.
- b) O prexuízo causado.
- c) O beneficio obtido.
- d) A reiteración.
- e) As circunstancias do responsable.
- f) A reincidencia, na comisión no período de 1 ano, de máis dunha infracción da mesma natureza, cando así se declarase por resolución firme.
- g) A intencionalidade.

ARTIGO 17.- PRESCRICIÓN

1.-As infraccións leves prescriben aos 6 meses, as graves aos dous anos e as moi graves aos 3 anos.

2.-As sancións impostas por faltas leves prescribirán ao ano, as graves aos dous anos e as moi graves aos tres anos.

3.-O prazo de prescrición das infraccións comezará a contarse desde o día en que a infracción se cometese. No caso de infraccións continuadas ou permanentes, o prazo comezará a correr dende que finalizou a conduta infractora.

O prazo de prescrición das sancións comezará a contarse dende o día seguinte a aquel en que sexa executable a resolución pola que se impón a sanción ou transcorre o prazo para recurrila

DISPOSICIÓN TRANSITORIA ÚNICA


As licenzas concedidas con anterioridade á entrada en vigor da presente Ordenanza deberán axustarse ao disposto nela no prazo máximo de 6 meses dende a entrada en vigor.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA

Queda derrogada a "Ordenanza reguladora do aproveitamento de terreos mediante a ocupación temporal con terrazas e instalacións análogas que constitúan complemento da actividade que desenvolven os establecementos de hostalaría de carácter permanente" publicada no BOP Nº 188 de 30/09/2011.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza entrará en vigor, logo da súa publicación íntegra no BOP da Coruña, despois de transcorrer o prazo previsto no artigo 70 en relación co 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local."



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

3.- PROPOSTA DE ELECCIÓN POLO PLENO DO CONCELLO DE CARRAL DE XUÍZ DE PAZ TITULAR PARA O SEU NOMEAMENTO POLA SALA DE GOBERNO DO TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA.

EXPOSICIÓN

No expediente da sesión consta a seguinte proposta da Alcaldía ao Pleno, do 26 de xullo de 2017, como segue:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA AO PLENO

Asunto: Elección polo Pleno do Concello de Carral de xuíz de paz titular para o seu nomeamento pola Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

O 24 de marzo de 2017 (entrada 671, do 28 de marzo) a Secretaría de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia remitiu ao Concello un escrito no que indicaba "En cumprimento de lo acordado por el Excmo. Sr. Presidente; le comunico que la Sala de Gobierno del Tribunal Superior de Justicia de Galicia, en su reunión de fecha 24 de marzo de 2017, estando próximo a vencer el período -cuatro años- por el que se nombró juez de paz titular de ese municipio, acordó oficiar a ese ayuntamiento a fin de que se inicie nuevo expediente para elegir juez de paz titular en el plazo de tres meses tal como establece el art. 101.4 de la Ley Orgánica 6/1985 de 1 de julio del Poder Judicial, de no hacerlo se nombrará directamente por esta Sala de Gobierno. Debiendo remitir copia completa del expediente tramitado, donde constarán las solicitudes, documentación presentada y profesión de la persona designada. En el supuesto de que ese ayuntamiento acordara no iniciar el expediente de elección se interesa se participe a este Tribunal para así adelantar el nombramiento."

Esta Alcaldía dictou o 20 de xuño de 2017 o decreto 218/2017, que se transcribe a continuación:

"DECRETO DA ALCALDÍA 218/2017

Asunto: Inicio de expediente para elección de xuíz/a de paz titular de Carral

Logo de recibirse o 28 de marzo de 2017 (entrada nº 671) unha comunicación do 24 de marzo de 2017 da Secretaría de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, segundo a cal, estando próximo a vencer o período -catro anos- polo que se nomeou Xuíz de Paz titular do municipio de Carral (A Coruña), se debe iniciar novo expediente para proceder á elección de novos/a Xuíz/a de Paz titular, para dar cumprimento ao establecido nos artigos 101 e 102 da Lei Orgánica 6/1985, de 1 de xullo, do Poder Xudicial e no Regulamento 3/1995, de 7 de xuño, que a desenvolve en materia de Xuíces de Paz, en uso das atribucións que me confere o artigo 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local,

RESOLVO

1.-Iniciar expediente para que, de acordo coa comunicación do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, se proceda polo Pleno do Concello a propoñer á Sala de Goberno do devandito Tribunal Superior de Xustiza o nomeamento de xuíz/a de paz titular de Carral.

2.-Indicar aos/ás interesados/as que poderán presentar no rexistro xeral do Concello de Carral (A Coruña), no prazo de QUINCE DÍAS dende o día seguinte á publicación do correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, a correspondente instancia, acompañada da seguinte documentación:

- Fotocopia compulsada por Notario ou polo Concello de Carral do Documento Nacional de Identidade.
- Declaración responsable relativa aos seguintes extremos:
 - Ser español/a, maior de idade, e non estar incurso en ningunha das causas de incapacidade que establece o artigo 303 da Lei Orgánica do Poder Xudicial (Non estar impedido/a física ou psíquicamente para a función xudicial, non ter sido condeado/a por delito doloso (ou ter obtido, en caso contrario, a rehabilitación), non estar procesado/a o inculcado/a por delito doloso en tanto non sexa absolto ou se dite auto



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

de sobreseemento, e estar en pleno exercicio dos dereitos civís).

- o Aínda non sendo licenciado/a en Dereito, reunir os requisitos establecidos na Lei Orgánica do Poder Xudicial para o ingreso na Carreira Xudicial, excepto os derivados da xubilación por idade, sempre que esta non supoña impedimento físico ou psíquico para o cargo.
- o Compromiso de residir no municipio de Carral, no seu caso, durante o desempeño das súas funcións e salvo autorización da Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.
- o Non pertencer a partidos políticos ou sindicatos, ou ter emprego ao servizo deles mesmos durante o desempeño das súas funcións, no seu caso.
- o Declaración relativa á profesión actual da persoa interesada.
- o Xustificación dos méritos que alegue (estudos e experiencia laboral-relacionada co cargo pretendido- e, no caso de ser avogado/a en exercicio, o compromiso expreso de abandonar o exercicio se fose nomeado).

3.- Publicar un anuncio no taboleiro de edictos do Concello e remitilo para a súa publicación nos do Xulgado de Primeira Instancia e Instrución do Partido ou Xulgado Decano e no do propio Xulgado de Paz. “.

O 29 de xuño de 2017 publicouse no Boletín Oficial da provincia da Coruña (nº 122) o anuncio indicado, data dende a que se computa o prazo establecido ao efecto.

Asemade, o 23 de xuño remituse un anuncio para a súa exposición no taboleiro de edictos do Xulgado Decano do partido xudicial da Coruña e, entre os días 22 de xuño e 21 de xullo, inseriuse outro anuncio no taboleiro de edictos do Concello e do Xulgado de Paz de Carral.

De acordo co informe emitido o 21 de xullo de 2017 pola auxiliar do Rexistro Xeral do Concello, durante o prazo de QUINCE DÍAS outorgado ao efecto dende a publicación no BOP, entre os días 29 de xuño e 20 de xullo de 2017, presentáronse no rexistro xeral do Concello as seguintes solicitudes:


D. Francisco Lozano Zapata, 5 de xullo de 2017 (nº rexistro de entrada 1.635).

D. Andrés Campelo Sánchez, 6 de xullo de 2017 (nº rexistro de entrada 1.650).

Tendo en conta os méritos alegados polos interesados, a experiencia de D. Francisco Lozano Zapata coma xuíz de paz titular de Carral, e o feito de que D. Andrés Campelo Sánchez vén desempeñando funcións de xuíz de paz substituto no municipio (polo que, de escollerse coma titular, quedaría vacante o seu posto), en uso das atribucións que me conferen os artigos 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL en adiante), e 80 e 82 do Real Decreto 2568/1986, de **28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, propoño ao Pleno do Concello, previos os preceptivos informe da Secretaría do Concello e ditame da Comisión Informativa correspondente, que adopte os seguintes acordos coma órgano competente ao efecto, de acordo coa atribución outorgada polo artigo 101.2 da Lei Orgánica 6/1985, de 1 de xullo, do Poder Xudicial, salvo que estime que as condicións do interesado non son as idóneas para o desempeño do posto ao que opta:**

1.-Elixir a D. Francisco Lozano Zapata (DNI 32.429.603-V) Xuíz de Paz titular de Carral (A Coruña).

2.-Elevar tal elección, segundo o indicado no artigo 101.3 da Lei Orgánica 6/1985, de 1 de xullo, do Poder Xudicial, á Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, para que efectúe, no seu caso, o nomeamento do elixido para un período de catro anos.”.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

No expediente consta, asemade, o preceptivo informe da Secretaría do Concello, nº 7/2017, do 26 de xullo.

A comisión informativa permanente de asuntos xerais do Pleno, emitiu na súa sesión ordinaria do 31 de xullo de 2017 ditame favorable á proposta, en votación ordinaria, por cinco votos a favor dos/as señores/as concelleiros/as do grupo municipal do PP e coa abstención dos/as tres señores/as concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE presentes na sesión, e do señor concelleiro do grupo municipal mixto.

DEBATE


O señor Alcalde explica que cada catro anos hai que elixir ao Xuíz de Paz titular e substituto e que, por costume no Concello de Carral, xa antes de acceder el á Alcaldía, salvo que renunciase o titular (coma foi o caso de "Germán", cando accedeu ao posto o actual Xuíz de Paz, o señor Lozano), a proposta era que seguise o mesmo, e que a súa proposta actual segue esta liña.

O señor Bergondo Trillo (grupo municipal misto/ACC-SON) opina que é unha mágoa non terse xuntado para falar e coñecer as razóns polas que o señor Alcalde propón a continuidade do Xuíz de Paz titular, pois na comisión informativa, a señora Presidenta dela só dixo que, como non había queixa, seguiría o mesmo Xuíz.

221/2017	21/06/2017	Asunto: Concesión de prestación do servizo de axuda no fogar (libre concorrencia) a D ^a . María Morandeira Méndez
222/2017	21/06/2017	Asunto: Concesión de prestación do servizo de axuda no fogar (libre concorrencia) a D. Cesáreo Eirís Varela
223/2017	21/06/2017	Asunto: Concesión de tarxeta de estacionamento para persoa con discapacidade D. Jesús Bello Varela.
224/2017	22/06/2017	Asunto: Incoación expediente orde execución limpeza finca herdeiros D. Manuel Barbeito Andrade (EXP. LP 13/2017)
225/2017	22/06/2017	Asunto: Incoación expediente orde execución limpeza finca Taronvs Promocións, SL (EXP. LP 14/2017)
226/2017	22/06/2017	Asunto: Incoación expediente orde execución limpeza finca Jesús Domínguez Rapela e outros (EXP. LP 15/2017)
227/2017	22/06/2017	Asunto: Incoación expediente orde execución limpeza finca Antonio Couto Rodríguez (EXP. LP 16/2017)
228/2017	22/06/2017	Asunto: Incoación expediente orde execución limpeza finca Julio Gómez Vilas (EXP. LP 17/2017)
229/2017	22/06/2017	Asunto: Incoación expediente orde execución limpeza finca herdeiros Vicente Seoane Barros (EXP. LP 18/2017)
230/2017	22/06/2017	Asunto: Incoación expediente orde execución limpeza finca Francisco Bello Mosquera (EXP. LP 19/2017)
231/2017	22/06/2017	Asunto: Incoación expediente orde execución limpeza finca Ramón Blanco Maroño (EXP. LP 20/2017)
232/2017	22/06/2017	Asunto: Incoación expediente orde execución limpeza finca Jesús Brandariz Gómez (EXP. LP 21/2017)
233/2017	22/06/2017	Asunto: Incoación expediente orde execución limpeza finca Gestiones Inmobiliarias Esnero SL (EXP. LP 22/2017)
234/2017	27/06/2017	Asunto: Baixa na prestación do servizo de axuda no fogar de D. Juan Manuel Rodríguez Gómez




Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

235/2017	28/06/2017	Asunto: Convocatoria Comisión especial de contas 1/2017 Extraordinaria.
236/2017	28/06/2017	Asunto: Aprobación nóminas mensuais e extraordinarias de xuño de 2017
237/2017	28/06/2017	Asunto: Aprobación, exposición pública e posta ao cobramento de padrón auga-sumidoiros-depuración- canon da auga 1º trimestre 2017
238/2017	28/06/2017	Asunto: Aprobación e pagamento á Vicepresidencia e Consellaría de Presidencia da Xunta de Galicia de taxa por inscrición de acordo de constitución da Asociación de Concellos do Camiño Inglés .
239/2017	02/06/2017	Asunto: Solicitud á Agader de subvención para a obra "Proyecto de mejora de viales en las parroquias de San Vicente de Vigo y Tabeaio" ao abeiro da resolución do 18 de maio de 2017 para a concesión directa, mediante resolución, das axudas correspondentes ao Plan de mellora de camiños municipais 2017-2018
240/2017	28/06/2017	Asunto: Adxudicación do contrato menor de servizos "Escola de verán 2017" do Concello de Carral (A Coruña)
241/2017	29/06/2017	Asunto: Convocatoria xunta goberno local 10/2017 ordinaria
242/2017	29/06/2017	Asunto: Incoación expediente xestión biomasa Lei prevención e defensa contra incendios forestais (Exp FOR 10/2017)
243/2017	29/06/2017	Asunto: Xustificación de pagamento a xustificar 10/2017
244/2017	29/06/2017	Asunto: Xustificación de pagamento a xustificar 11/2017
245/2017	29/06/2017	Asunto: Xustificación de pagamento a xustificar 12/2017
246/2017	29/06/2017	Asunto: Estimación de que a oferta presentada por CONSTRUCCIONES CANARGA, S.L. (CIF B 15.360.902) para contratación da obra "Mellora estrada Abrigosa-Fonte Moura", ao abeiro do Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de competencia municipal (POS) 2016, da Deputación Provincial da Coruña, malia incluír valores anormais ou desproporcionados en canto ao prezo (15.5 PCAP), pode ser cumprida
247/2017	29/06/2017	Asunto: Estimación de que a oferta presentada por CONSTRUCCIONES CANARGA, S.L. (CIF B 15.360.902) para contratación da obra "Mellora de estrada municipal en Bulleiros, Concello de Carral", ao abeiro do Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de competencia municipal (POS) 2016, da Deputación Provincial da Coruña, malia incluír valores anormais ou desproporcionados en canto ao prezo (15.5 PCAP), pode ser cumprida
248/2017	29/06/2017	Asunto: Estimación de que a oferta presentada por SYR-AMG, S.L.U. (CIF B-15.938.780) para a contratación da obra "Mellora de vias e de seguridade dos mesmos dentro do Parque Empresarial dos Capelos", ao abeiro do Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de competencia municipal (POS) 2016, da Deputación Provincial da Coruña, malia incluír valores anormais ou desproporcionados en canto ao prezo (15.5 PCAP), pode ser cumprida
248bis/2017	29/06/2017	Asunto: Resolución inicio procedementos sancionadores de tráfico (35)
249/2017	04/07/2017	Asunto: Aprobación pagamento tasación costas a D. Jose Antonio Barbeito Andrade
250/2017	04/07/2017	Asunto: Xustificación de pagamento a xustificar 15/2017
251/2017	05/07/2017	Asunto: Substitución do Señor Alcalde pola Señora 1º Tenente de Alcalde por ausencia (10 ao 14 de xullo de 2017)
252/2017	07/07/2017	Asunto: Solicitud á Xunta de Galicia (Vicepresidencia e Consellaría de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza) de subvención para a realización da Escola de Verán 2017 ao abeiro da Resolución do 16 de xuño de 2017, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a promoción da igualdade, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, cofinanciadas polo Fondo Social Europeo (FSE) con cargo ao programa operativo FSE Galicia 2014-




Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

253/2017	07/07/2017	2020, e se procede á súa convocatoria no ano 2017(SI435B,SI435B, SI427B). Asunto: Solicitude á Xunta de Galicia (Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza) de subvención para a realización da Escola de Verán 2017 ao abeiro da Resolución do 16 de xuño de 2017, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a promoción da igualdade, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, cofinanciadas polo Fondo Social Europeo (FSE) con cargo ao programa operativo FSE Galicia 2014-2020, e se procede á súa convocatoria no ano 2017(SI435B,SI435B, SI427B).
254/2017	07/07/2017	Asunto: Liquidación de taxa por aboamentos complexo deportivo (xullo de 2017) por importe de 5.599 euros.
255/2017	07/07/2017	Asunto: Expediente de contratación mixta, no sujeta a regulación armonizada, por procedemento aberto (oferta economicamente máis vantajosa, varios criterios de adjudicación), de carácter urgente, del suministro con instalación "Renovación y ampliación de parque infantil del Campo da Feira de Carral. Ayuntamiento de Carral "(financiado al 100%-220.278,81 € a través del Plan de Acción Social (PAS) 2015 de la Diputación Provincial de A Coruña).
256/2017	07/07/2017	Asunto: Aprobación da conta xustificativa nº 9/2017 a nome de Florinda Duarte Gerpe por importe de 700€ para Festa do Pan.
257/2017	11/07/2017	Asunto: Concesión licenza de parcelación da parcela con referencia catastral 15021A502050110000ES, presentada por dona Mónica Barbeito Suárez.
258/2017	12/07/2017	Asunto: Aprobación do plan de seguridade e saúde do suministro con instalación "RENOVACIÓN E AMPLIACIÓN DO PARQUE INFANTIL DO CAMPO DA FEIRA DE CARRAL-CONCELLO DE CARRAL" (financiado ao 100%-220.278,81 € a través do Plan de Acción Social (PAS) 2015 da Deputación Provincial da Coruña).
259/2017	12/07/2017	Asunto: Liquidación servizo de axuda no fogar-prestacións de dependencia e básica – (xuño 2017)
260/2017	13/07/2017	Asunto: Toma de razón da suspensión temporal da actividade de taxi da licenza nº 1 titularidade de don Antonio R. Veiras García
261/2017	13/07/2017	Asunto: Toma de razón da renuncia de don Pablo Mosquera Barbeito á titularidade da licenza de taxi nº 6 de Carral.
262/2017	19/07/2017	Asunto: Solicitud de subvención para la actuación "MEJORA DE LA EFICIENCIA ENERGÉTICA DEL CENTRO CULTURAL DE SAN VICENTE, CARRAL (A CORUÑA, GALICIA)" al amparo del Real Decreto 616/2017, de 16 de junio, por el que se regula la concesión directa de subvenciones a proyectos singulares de entidades locales que favorezcan el paso a una economía baja en carbono en el marco del Programa operativo FEDER de crecimiento sostenible 2014-2020 (BOE nº 144, de 17 de junio de 2017).
263/2017	19/07/2017	Asunto: Solicitud de subvención para la actuación "MEJORA DE LA EFICIENCIA ENERGÉTICA DEL CENTRO CULTURAL Y DEPORTIVO DE AS TRAVESAS, CARRAL (A CORUÑA, GALICIA)" al amparo del Real Decreto 616/2017, de 16 de junio, por el que se regula la concesión directa de subvenciones a proyectos singulares de entidades locales que favorezcan el paso a una economía baja en carbono en el marco del Programa operativo FEDER de crecimiento sostenible 2014-2020 (BOE nº 144, de 17 de junio de 2017).
264/2017	20/07/2017	Asunto: Autorización de pagamento a xustificar 16/2017
265/2017	20/07/2017	Asunto: Resolución inicio procedemento sancionadores de tráfico
266/2017	26/07/2017	Asunto: Convocatoria Comisión informativa permanente de asuntos xerais do Pleno 6/2017 Ordinaria
267/2017	26/07/2017	Asunto: Aprobación nóminas mensuais de xullo de 2017



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

268/2017	27/07/2017	Asunto: Convocatoria Xunta de Goberno Local Ordinaria 12/2017
269/2017	28/07/2017	Asunto: Modificación do Orzamento Xeral do Concello Exp. M.C.3/2017, X.C. 2/2017.
270/2017	28/07/2017	Asunto: Aceptación de subvención concedida pola Xunta de Galicia (Vicepresidencia e Consellaría de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza) para a "Adquisición dunha desbrozadora para actividades de protección e conservación do medio ambiente" ao abeiro da Orde do 30 de decembro de 2016 pola que se regulan os criterios de repartición e se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións da liña en concorrencia non competitiva e da liña en concorrencia competitiva do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2017, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, destinadas a entidades locais de Galicia.
271/2017	31/07/2017	Asunto: convocatoria Pleno Ordinaria nº 6/2017

6.- MOCIÓN DOS GRUPOS POLÍTICOS, NO SEU CASO

O señor Alcalde pregunta se algún grupo municipal desexa presentar algunha moción, segundo o establecido nos artigos 91.4 e 97.3 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF en adiante) e, dado que o señor voceiro do grupo municipal mixto/ACC indican que si, procédese de seguido segundo o establecido no artigo 91.4 ROF en relación ás mocións que presenta tal grupo municipal.

6.1.-Moción do grupo municipal mixto-ACC/SON denominada "Moción nave municipal".

EXPOSICIÓN

O señor Bergondo Trillo (grupo municipal mixto/ACC) presentou por escrito a moción cuxo texto se transcribe a continuación:

"Á ALCALDÍA DO CONCELLO DE CARRAL

O concelleiro da Asemblea de Carral e voceiro do grupo municipal, César Bergondo, formula a seguinte **MOCIÓN NAVE MUNICIPAL**, ao obxecto de ser incluída na orde do día do Pleno ordinario e debatida no mesmo coa seguinte

Exposición de motivos

Dado que por parte dalgún veciño@ hai unha preocupación importante xq certa xente non deixe o seu vehículo diante da nave municipal de obras q hai ó lado do edificio municipal Antón Fraguas, e visto q non hai ningún tipo de sinalización que impida o estacionamento na mesma porta de dita nave e para facilitar o traballo d@s empregad@s municipais.


O mesmo tempo pódese comprobar a cantidade de ferros e distintos equipamentos que hai tirados nos laterais de dita nave. Podendo ser un posible perigo xa que non existe ningún tipo de impedimento que impida o acceso a estes materiais q hai alí.

SOLICITAMOS

- 1- Que se pinte unha liña amarela o redor da nave municipal de obras.
- 2- Que se limpe e organice toda a chatarra e equipamentos tirados o redor da nave.

Carral, a 03 de agosto de 2017

César Bergondo
Voceiro da Asemblea Cidadá de Carral".



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

O señor Bergondo Trillo explica que existe malestar dalgunha veciña en relación ás condicións da nave municipal que se atopa detrás do edificio Antón Fraguas, porque non hai ningún vao para impedir o aparcamento diante dela e, asemade, nos laterais fóra da nave hai moitos ferros, polo que é perigoso acceder, e cumpriría, na súa opinión, poñer algo alí que o impida.

O señor Alcalde opina que non se trata dun asunto urgente, aínda que recoñece que o señor Bergondo ten razón en canto á desorde que alí existe, porque moitas veces os obreiros chegan de volta a última hora, cando o punto limpo está pechado, a pesares de que o concelleiro de obras "está enriba deles". Por outra banda, en canto á proposta de pintar unha liña amarela, opina que, por educación, cando se vé un portal, non se aparca diante del, mais que, se o uso non é contínuo, tampouco molesta a ninguén que se faga cando non estea en uso. O señor Bergondo coida que sería conveniente pintar a franxa amarela proposta, coma a existente na piscina, mais o señor Alcalde reitera a súa opinión de que non molesta a ninguén como está arestora.

Sometida polo Señor Alcalde a votación a declaración de urxencia da moción, esta é rexeitada con seis votos en contra dos/as señores/as concelleiros/as do grupo municipal do PP, fronte a cinco votos a favor (dos/as catro señores/as concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE presentes na sesión e do señor concelleiro do grupo mixto (ACC-SON)), polo que non se pasa ao seu ulterior debate e votación.

6.2.-Moción do grupo municipal mixto-ACC/SON denominada "Moción casas mestres".

EXPOSICIÓN

O señor Bergondo Trillo (grupo municipal mixto/ACC) presentou por escrito a moción cuxo texto se transcribe a continuación:

Á ALCALDÍA DO CONCELLO DE CARRAL

O concelleiro da Asemblea de Carral e voceiro do grupo municipal, César Bergondo, formula a seguinte **MOCIÓN CASAS MESTRES**, ao obxecto de ser incluída na orde do día do Pleno ordinario e debatida no mesmo coa seguinte

Exposición de motivos

Dende a Asemblea de Carral queremos, dende esta moción, informarlle o equipo de goberno do seguinte asunto:

O día 17 de xullo de 2017 DOG Núm. 135 en **OUTRAS DISPOSICIÓNS a CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA publica aORDE** do 4 de xullo de 2017 pola que se establecen as bases reguladoras aplicables á concesión das subvencións para rehabilitar as antigas vivendas de mestres, doutros oficios e demais edificios e vivendas de titularidade municipal, e se procede á súa convocatoria para o ano 2017, con carácter plurianual.

Nesta disposición preténdese axudar os concellos pequenos con menos de 20000 habitantes a rehabilitación de edificacións que estiveran adicadas a vivendas de mestres ou outros oficios e que esten en desuso actualmente.

O seu novo uso estaría destinado a residencial para que se poidan destinar, en réxime de alugamento, á vivenda habitual e permanente de unidades de convivencia con escasos recursos económicos.

O mesmo tempo tal e como din dende a Concellería, fomentaríamos fixar poboación e frear o proceso de despoboamento da zona rural galego.

SOLICITAMOS

realizar dende o concello os Trámites administrativos necesarios para á presentación da solicitude para a subvención anteriormente nomeado



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

Carral, a 25 de maio de 2017 [sic.]

César Bergondo
Voceiro da Asemblea Cidadá de Carral".

O señor Bergondo Trillo explica que en xullo a Xunta publicou unha subvención para concellos de menos de 20.000 habitantes para rehabilitar antigas casas de mestres deshabitadas, que pertencen aos concellos, coma por exemplo as do Vicente Otero Valcárcel ou as existentes nalgunha outra parroquia. Opina que sería unha boa forma de axudar á xente máis necesitada para alugarlás e, pòr tanto, o seu grupo pide que se solicite a subvención para abordar tal rehabilitación e non ter abandonadas as devanditas vivendas.

O señor Alcalde resposta que, en calquera caso, a proposta afectaría só a algunha vivenda do Vicente Otero Valcárcel, pois a que había en Herves derruiuse para facer a escola, e a de Tabeaio usouse para ampliar a escola para temas educativos, para que os nenos estean gardados da choiva e para a dotación de accesos para discapacitados nun lateral, que antes non había. Engade que, das 16 ou 17 que existen no Vicente Otero Valcárcel, unha aínda está a ser usada por un profesor, e todas se atopan nun recinto pechado e controlado, centrado só para temas educativos. Coida que, se se abrise á residencia doutras familias, habería que compaxinalo cos nenos e coa necesidade de estar pendentes de se o portal está ou non pechado ao saíren con coches. Por iso, opina que, do xeito que está a medrar Carral, aínda hai moitas vivendas dispoñibles, e meter alí a familias chocaría coa comunidade educativa. Coida que as antigas vivendas habería que destinalas a temas relacionados coa educación ou para actividades sociais coma obradoiros ou aulas complementarias (de música, por exemplo) e, opina que sería un atraso acollerse a esta axuda (e que xa o valorou o equipo de goberno municipal). Por último, considera que sería mellor ubicar noutro sitio a persoas que se atopan en situacións de precariedade, pois, facelo alí podería causar problemas, na súa opinión, coa entrada e saída de coches, ou coa residencia de nenos escolarizados noutros centros.

O señor Bergondo Trillo pregunta se cando vivían alí os mestres eran un "estorbo", pois tamén terían fillos que irían ao bacharelato ou á universidade, ao que o señor Alcalde resposta que os titulares eran mestres, cómplices e parte da comunidade educativa e, por tanto, era coherente co que alí hai. Coida que cambiaron as formas de vivir e de ser, que os mestres teñen agora que procurar a súa vivenda coa súa nómina, e que as familias alleas á comunidade educativa que eventualmente fosen vivir alí non terían por que cumprir con esa complicidade. En calquera caso, puntualiza que, na súa opinión, "ninguén estorba".


Sometida polo Señor Alcalde a votación a declaración de urxencia da moción, esta é rexeitada con seis votos en contra dos/as señores/as concelleiros/as do grupo municipal do PP, fronte a cinco votos a favor (dos/as catro señores/as concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE presentes na sesión e do señor concelleiro do grupo mixto (ACC-SON)), polo que non se pasa ao seu ulterior debate e votación.

7.-ROGOS E PREGUNTAS.

7.1.-Preguntas do señor Bergondo Trillo (grupo mixto-ACC/SON)

1.- O señor Bergondo Trillo lembra que hai dúas sesións preguntou pola creación dun paso de peóns nas Travesas e indícalle ao señor Alcalde que, despois de preguntarllo aos técnicos, ningún ten a carta da Xunta que dixo o señor Alcalde.

2.-O señor Bergondo Trillo pregunta cando vai abrir a Casa da Xuventude.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

- 3.- O señor Bergondo Trillo pregunta cando van comezar as obras do parque infantil do Campo da Feira, e se está todo ben ou existe algún problema co valado do perímetro e as árbores.
- 4.- Pregunta cando se vai asfaltar a Rúa Francisco Javier Alvajar
- 5.- pregunta se en carral hai un centro de información á muller coma noutros Concellos ou non.
- 6.- Pregunta cando se van amañar as fochancas na estrada de beira a Argonte.
- 7.- Pregunta que medidas se van adoptar en relación aos verquidos que producen escuma no Barcés dende hai máis dun mes.
- 8.- O señor Bergondo Trillo indica que, en agosto, en Carral estamos sen pediatra, e pregunta se se fixo algún escrito de protesta ao Sergas para que se dote un substituto ou para aumentar as horas de pediatría.

7.2.- Preguntas do señor Cefina Mochales (grupo municipal do PSdeG-PSOE)

O señor Cefina Mochales dá lectura ás seguintes preguntas (que con posterioridade á sesión, se comunicaron por escrito á Secretaría do Concello para a súa transcripción literal na acta):

"¿Por qué as actuais obras do Curro do Corno non se realizaron por fases para facilitar a vida diaria dos veciñ@s e sobre todo dos residentes e negocios? ¿As obras da calzada en certas zonas parecen rematadas, por qué non se abren ao tráfico, ao menos ós residentes? ¿Por qué non se informou en tempo e forma aos veciñ@s afectados, directamente ou a través dos presidentes de comunidade da programación dos cortes? ¿As prazas de aparcamento eliminadas onde se van a repoñer?"


Como sabedes as obras para os novos parques infantís do Campo da Feira dende marzo do 2016 poderían ter comezado. Máis dun ano despois dende o Concello dinnos que a acta de replanteo (inicio de obra) xa se firmou fai 15 días, pero as obras inda non comezaron, por certo, facelas xusto no verán cando os nen@s están de vacacións non sabemos se terá moito sentido, pero agora xa está, referido ao anterior: chegounos a nova de que o proxecto non recolleu a existencia de árbores e farois no interior da área de xogo e agora os elementos a montar non collen. ¿É isto certo, cal será a solución a este erro? ¿Cando se iniciarán e rematarán as obras? Tampouco se recollía en proxecto o cambio da varandilla externa que non cumpre a normativa para áreas de xogo ¿Qué solución se lle vai a dar?"

¿Cando se inician as obras do parque para os nenos de infantil no Vicente Otero?, o actual ten o cha de pedras e non é adecuado para os cativ@s, en teoría xa tiña que estar o curso pasado e falta de pouco máis dun mes para o inicio do curso non sabemos nada. ¿Vaise dotar o centro doutra limpadora polas mañás?, algo moi necesario como levamos reclamando os pais dende fai anos.

¿Vaise millorar de algunha forma a entrada e saída do IES de cara ao novo curso?"

A parte da moción presentada polo noso grupo para pedir ao SERGAS ó medico a maiores que nos corresponde por poboación e o pediatra a xornada completa, ¿Dende o goberno municipal fíxose algunha xestión máis?"

¿Contestou a Xunta sobre a legalidade das obras que pretende realizar o Concello para transformar o chalé abandonado no polígono en "aula da natureza"? Si non contestou, ¿Vanse levar adiante igualmente as obras? . ¿Como se vai a solucionar un acceso e saída tan perigoso?"



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.: P-1502100 1

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

Como sabedes o acceso situase xusto no cambio de rasante onde remata o carril de adiantamento.

¿Canto é o reclamado pola promotora VARINCA, no recurso que interpuxo contra o Concello de Carral ante o Tribunal Supremo, pola licenza ilegal que lle foi concedida e posteriormente anulada en vía xudicial?

O estado dos contedores de lixo é malísimo, ¿qué medidas se van tomar, reclamouse xa ao Consorcio das Mariñas?

¿Por qué o campamento de verán non realiza tamén no mes de agosto para facilitar a conciliación familiar?


7.3.-Respostas do señor Alcalde

O señor Alcalde indica que, en relación ao paso de peóns das Travesas, hai un informe da Consellaría de Infraestruturas da Xunta que explica que, para a instalación de tal paso, habería que reducir a velocidade de 50 a 40 quilómetros/hora, e sinalizalo, e que se comprometeron a facelo, mais aínda está sen facerse. Engade que é un perigo, porque a maioría dos vehículos pasan a máis velocidade. Manifesta que o equipo de goberno "anda enriba" diso, mais aínda non o fixeron, e tamén pediron a través da Comandancia da garda Civil a Tráfico que houbera un celo especial en relación á velocidade do tránsito alí. Conclúe que o paso debe facelo a Xunta, porque a estrada é deles, e reitera que insistirán, e que espera que o fagan en breve.

Indica que cre que xa está adquirido o mobiliario para a Casa da Xuventude, e espera que se poida dar a coñecer á mocidade en setembro, despois das festas. O señor Bergondo Trillo pregunta se se refire a setembro deste ano, e indica que iso espera.

Explica que o parque Infantil do Campo da Feira está incluído nun plan da Deputación de 2016, mais que se demorou a súa contratación dende o ano pasado polo traballo burocrático, e pola certa envergadura da licitación, que esixiu a súa publicación en diversos boletíns. Engade que, logo de valorarse as propostas, propúxose a súa adxudicación a unha empresa que se trabucou cunha baixa excesiva, e que a segunda empresa á que se adxudicou finalmente o contrato realizou o replanteo hai uns quince días. Explica que a obra non é grande, e basicamente hai que quitar a cortiza. Indica que as árbores están contempladas, que hai que cambiar algunha farola, e que cumpre todas as normas de seguridade. Engade que, máis ca unha obra, é unha subministración, e que levará pouco tempo colocar os elementos, mais teñen que estar previamente aquí, no almacén. Explica que, como veñen as festas e hai ata o 30 de setembro, para conseguir que xa estean entregados todos os aparellos e que o parque non estea paralizado máis dunha semana ou quince días dende que se inicie a obra (sumado á inxerencia que manifestou a Comisión de Festas, en canto a quenon se farían responsables se alguén saltase os valados), por iso, decidiuse retrasar a obra a unha data máis acorde, sen pasar do 30 de setembro coma límite para a súa finalización. Reitera que o parque cumprirá con todas as normas, e que para iso se fai, porque algúns dos xogos existentes agora non cumpren ao 100% e o solo non é contínuo.

Manifesta que espera que a obra do Vicente Otero Valcárcel estea rematada e que non falte nada colocado para cando comece o curso. Engade que hai unha limpadora non continuamente, mais que a dirección do centro di que non é unha necesidade imperiosa aumentala.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.LF.: P-1502100 J

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

En relación ao Instituto de Ensino Secundario (IES), explica que se fixo un paso de peóns á altura da rúa Souto, pensando en beirarrúas seguras en Uxío Novoneyra, para que poidan ir por alí. Engade que, segundo o que din a Consellaría de Educación e o claustro do IES, este cumpre, indo os autobuses por un lado e os peóns polo outro, e que haberá que ter o acceso en perfectas condicións, limpo e coas árbores podadas.

Explica que a referente a Uxío Novoneyra, o Curro do Corno, Cortaduría e Pinguela é toda unha obra e que todas as obras son molestas, mais alí é necesaria polos servizos incorrectos existentes, con tuberías de chumbo, de xeito que se vai poñer saneamento e pluviais novos, deixar gas e fibra óptica, e baixar o tendido eléctrico e de teléfono, de xeito que Fenosa e Emalcas van entroncar e vai ser unha obra integral que, ao rematar, vai satisfacer a case todos. Engade que se trata dunha rúa con moita xuventude e carriños de nenos, mais que era triste, con beirarrúas nas que tropezaban tales carriños. Indica que a obra vai restrinxir algunha praza de aparcamento, mais que respeta aos que viven alí. Coida que á xente lle agrada cando vai a Pontevedra ou outras vilas con zonas peonais e pregúntase por que non vai ter os mesmos dereitos en Carral, Considera que hoxe en día hai que ter onde gardar os coches, mais que trala obra quedarán aparcadoiros suficientes, cumprirse a normativa para discapacitados, e vanse poñer xardineiras e bancos para aproveitar o entorno, ao non ter un casco vello. Opina que a empresa esaxerou ao dicir que ían pechar a rúa durante quince días, e que a rúa estará cortada, mais manterase o acceso aos garaxes. Manifesta que está satisfeito co que se está a facer, e recoñece que os veciños están a ter paciencia, mais lles pagará a pena o resultado.


No tocante ás fochancas da rúa Alvajar, recoñece que haberá que arranxalas antes da execución da obra da Rúa do pan, igual ca outra que hai en Méndez Búa.

En canto ao Centro de Información á muller, indica que non hai un propio en Carral, mais que si hai un do Consorcio das Mariñas en colaboración coa Xunta e centros en Arteixo e Culleredo. Explica que están concertados cos servizos sociais municipais, e que todas as semanas vén unha letrada para asesoramento xurídico confidencial, de modo que esas necesidades están atendidas.

En relación á estrada Argonte-Beira, explica que vai saír un complementario da Deputación e que xa teñen un anteproxecto para arranxala.

Sobre a espuma, indica que está máis ben na Brexa ca no Barcés (ao que o señor Bergondo Trillo resposta que si, que é na Brexa), e que hai unha depuradora feita polo SEPES, en relación á que detectou EMALCSA un verquido, pois pode ser que se misturen as pluviais no polígono. O señor Bergondo puntualiza que a espuma é no Parque da Brexa, e que lle pode amosar fotos, ao que o señor Alcalde replica que descoñece as causas, e que se verá, mais que, ás veces, a espuma tamén se produce de xeito natural.

Sobre o Centro de Saúde, explica que os médicos, auxiliares e enfermeiros teñen dereito a vacacións, e que coinciden moitos e non quedan facultativos suficientes, sobre todo pediatras. Explica que non hai para contratalos na Comunidade Autónoma de Galicia pois, se os houbera, contrataríanse. Engade que Carral está atendido a través do PAC de Cambre, e que ten unha "pelexa" continúa con Luis Verde, o Xefe Territorial de Sanidade, quen en dúas reunións lle contestou que o problema non é só aquí, e que se están a agrupar os efectivos nos respectivos PACs. Opina que é unha molestia grande, e non lles parece ben, e tampouco están de acordo en canto á *ratio*, mais o Sergas considera que, aínda que algún dos médicos supera os 1.500 doentes, sumado os tres só hai 500 persoas de máis, o que non dá para un cuarto médico. Espera que o novo xerente teña outra maneira de ver as cousas en relación ao 4º médico, pois xa van 26 nenos nados en Carral este ano, e espera que iso tamén inflúa en obter un pediatra a xornada completa. Manifesta que, nese senso, están totalmente de acordo co grupo municipal do PsdeG-



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.: P-15021001

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

PSOE e coa súa moción, mais que o Sergas resposta (explicación coa que indica o señor Alcalde que non está de acordo) que temos un grande sistema sanitario e que é obriga de todos facelo sustentable, sendo imposible que haxa todo en todos os sitios.

En canto á obra da Aula da Natureza do polígono, opina que se axusta á legalidade, e indica que vai saír a licitación xa, pois considera que cumpre todas as normas que teña que cumprir, tamén en relación ao acceso e a seguridade.


No tocante a VARINCA, explica que solicitaban lucro cesante e máis cousas en relación ás que o xuíz lles quitou a razón, mais apelaron, e aínda non se sabe a cantidade exacta, que depende do que decida o Tribunal, se ben hai que devolver por lei o que o Concello cobrou de ICIO, pois non fixeron a obra, mentres as taxas non se devolven polo que custou facer o expediente (indica que, en total, eran sobre "cento e pico mil euros" que o Concello vai ter que devolver, non pagar).

En relación ao campamento de verán, a solicitude do señor Alcalde, a señora Duarte Gerpe explica que a demanda de que se faga tamén en agosto deixouse por temas económicos do Concello, e porque moitas familias tampouco podían custealo durante dous meses (aínda que os custes das que están en situación de emerxencia social os asume o Concello). Engade que este ano case non deu tempo a facer todo o que se quería, e que o monitorado foi tan bo que os nenos non quería marchar cando estaba rematando. Por iso, indica que se pode estudar a prolongación á primeira quincena de agosto para o ano que vén, sen prexuízo de que, na súa opinión, os pais teñen que combinar algunha quincena cos fillos. Procurarán que o custe de quince días máis se reparta entre o Concello e algo máis de colaboración da Xunta, aínda que pensa que non vai haber igual demanda en agosto que en xullo (que este ano foi de 170 nenos).

O señor Cetina Mochales replica que hai pais que teñen as súas vacacións en setembro ou outubro, ao que a señora Duarte resposta que para iso se ofertará, para conciliar, e engade que en decembro se vai facer un campamento de inverno, logo de ver a demanda do de verán, para que os nenos teñan actividades nese período (se ben reconece que o está a estudar a señora Interventora, pois non está previsto no orzamento deste exercicio). O señor Cetina manifesta que lle parece moi ben.

A solicitude do señor Alcalde, o señor Montes Martínez manifesta que, en relación aos colectores do lixo, levan uns dous meses traballando niso mais, ao saír Arteixo do Consorcio, haberá que reubicar os seus colectores (en relación ao cal xa está revisado o concello de Culleredo). Explica que había un problema cos camións de carga lateral e traseira e os abertos para a recollida de mobles e enseres e cos coches de inspección dos capataces. Engade que se está a pedir a Ferrovial-CESPA un informe sobre o percorrido dos camións de lavaxe dos colectores, e que se está a mellorar o servizo e espera que os problemas indicados, así como a reposición dos colectores rotos, se poidan solucionar o máis axiña posible este ano. Reconece que os veciños teñen dereito a protestar.

O señor Cetina Mochales lembra que o señor Alcalde dixo que o persoal do centro de saúde ten dereito a vacacións no verán, mais coida que a Xunta xa o sabe e debería procurar solucións para esa situación, e pregunta se o Sergas lle respostou sobre se non hai pediatras para contratar no resto do Estado, ao que o señor Alcalde replica que non hai dispoñibles en todo o Estado. O señor Cetina manifesta que é unha profesión difícil para a que hai que ter cualidades, e que entende que pode haber déficit, mais engade que o que di o Alcalde lle "ole a excusas baratas", pois xa levan vinte anos con este problema e, na súa opinión, non se quere investir na sanidade pública.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 1

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

7.4.- Rogo da señora Rodríguez Lado (grupo municipal do PsdeG-PSOE).

A señora Rodríguez Lado (grupo municipal do PsdeG-PSOE) manifesta que na penúltima sesión de comisión informativa realizada (Comisión Especial de Contas do 21 de xullo de 2017), tiveron que esperar uns 45 minutos para o seu inicio, mentres non chegaba a Presidenta. Manifesta que lle parece unha falta de consideración, e espera que non volte acontecer.

A señora Duarte Gerpe (grupo municipal do PP, presidenta delegada da Comisión Especial de Contas) reconece que cando chegou era tarde, mais pediu desculpas e entende que a señora Rodríguez Lado tivese que marchar. Manifesta que, en todo caso, ninguén é imprescindible (e ela estaba atendendo unha urxencia dunha familia), e que hai máis persoas no seu grupo.

A señora Rodríguez Lado reitera que non poden estar oito persoas esperando por unha, e que moitas delas teñen outros traballos que atender, co que a señora Duarte Gerpe manifesta o seu total acordo (se ben tamén indica que, aínda que ela asume a súa parte de culpa, había quórum para realizar a sesión).

A señora Rodríguez Lado roga que non volte pasar e pregunta se non pode delegar a presidencia, ao que a señora Duarte Gerpe responde afirmativamente, e di que se pode solucionar.

Ao non existir máis temas que tratar, ás 13 horas e 10 minutos, o Señor Alcalde remata a sesión, da que estendo a presente acta (que consta de trinta e sete páxinas numeradas do un ao trinta e sete, e por min asinadas e seladas co carimbo do Concello, impresas en papel ordinario até a súa elevación ao correspondente libro), que asina o Señor Alcalde, do que, coma Secretario do Concello, dou fe.

O ALCALDE

José Luis Fernández Mourino

O SECRETARIO DO CONCELLO

Diego García Doval

